

Pazo de Ludeiro

San Miguel de Penas, 1

27568 Monterroso (Lugo)

Teléfono: 982 378 355/ 697 324 665

E-mail: pazodeludeiro@hotmail.com

Web: www.pazodeludeiro.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- O pazo está situado xunto á estrada. Arredor desta hai unha zona adoquinada cun aparcadoiro. O itinerario é accesible.
- Consta de tres edificios comunicados entre si por unha zona pavimentada con baldosas de pedra. O itinerario é accesible.
- O aparcadoiro non ten as prazas delimitadas no chan e non hai unha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

Acceso

- No recinto hai un portón de madeira, cun chanzo de **12 cm**, que da paso a un patio interior onde está situado o edificio principal. Este ten a recepción, os cuartos estándar, unha sala común e a cafetería. O itinerario presenta dificultade xa que hai outro chanzo de **14 cm** de altura sen rampla alternativa.
- O portal de entrada a ese patio é de madeira e ten un oco de paso de **1,35 m** e permanece sempre aberto.
- O edificio contiguo, onde está o cuarto adaptado, se accede polo exterior do recinto xa que polo patio interior hai chanzos sen rampla alternativa. **Dende a porta de recepción hai uns 25 m de distancia, un ancho de andar de 1,09 e unha pendente de 14%**
- **Hai 2 ramplas sen describir no exterior do edificio**

Vestíbulo e recepción

- Está situada no edificio principal e no itinerario hai un chanzo de **15 cm** de altura sen rampla alternativa. A porta é de madeira e ten un oco de paso de **1,08 m** de ancho. Na zona de recepción existe un espazo libre de xiro de máis de **1,50 m** de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,18 m** e non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (A Nogueira)

- O cuarto está situado nun edificio contiguo ao principal e o itinerario é accesible a través dunha rampla
- A porta do cuarto ten un oco de paso de **1,10 m** de ancho. Diante hai unha pequena cella de 2 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é superior a **2 m**.
- A cama ten unha altura de **52 cm** e accédese a esta polos dous lados, por un espazo libre de **1,07 m** de ancho polo lado esquerdo e **1,80 m** polo dereito.

- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura que varía entre **50-88 cm** e o percheiro a **1,32 m**.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- O cuarto dispón dunha terraza. Esta ten unha porta de dobre folla, cun oco de paso de **1,35 m** de ancho e unha pequena cella de **1 cm**.

Cuarto de baño

- A porta é corrediza e ten un oco de paso de **83 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de **1,50 m** e outro frontal de **1,63 m**.
- O asento está a unha altura de **52 cm** e o mecanismo de descarga está a **1,15 m**.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible en lado esquerdo a unha altura que varía entre **61-79 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **81,5 cm** de alto e **50 cm** de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,05 m** e o resto dos accesorios do baño están a **92 cm**.

Ducha

- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo
- Ten un asento abatible e fixo á parede, situado a **53 cm** de altura. Este ten **40 cm** de ancho e **42 cm** de fondo. Dispón dun espazo lateral de **70 cm** que permite realizar a transferencia.
- Dispón dunha barra de apoio horizontal na parede das billas, a unha altura de **88 cm**, pero está moi afastada da cadeira de ducha e non serve para facilitar a transferencia.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de **1,07 m** do chan. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa. É accesible dende a cadeira de ducha.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- No itinerario de acceso ao edificio principal hai varios chanzos illados duns 14 cm que non están sinalizados con franxas de textura e cor contrastada.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual. As portas son de madeira e sempre están abertas.

Cuarto estándar (A Cerdeira)

- O número do cuarto indícase en letras grandes pero non presenta cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A ducha ten un chanzo de **16 cm** de altura que non está sinalizado cunha franxa de textura e cor contrastada.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispoñen de información escrita dos servizos prestados no establecemento.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche con un sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permita ver si hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O establecemento só dispón de rótulos que sinalan o nome dos distintos cuartos e están a unha altura media de **2 m**. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta baixa, exterior	Accesible	Ningunha das plazas dispoñibles está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Nin están delimitadas.
Aseos Comúns	Planta baixa	No accesible. Hai chanzos sen rampla alternativa.	O aseo non está adaptado para persoas con discapacidade.
Comedor	Planta baixa, en edificio anexo ao principal	Accesible a través de unha rampla de inclinación axeitada.	Altura de mesa: 69 cm , Ancho baixo mesa: 1,88 m , Fondo baixo mesa: 43 cm Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta baixa	Practicable con axuda xa que na entrada ao edificio principal hai un chanzo de 14 cm sen rampla alternativa.	Altura de mesa: 72 cm Ancho baixo mesa: 77 cm , Fondo baixo mesa: 90 cm